

AL-ÁNDALUS (711-1492)

Conquista: Tarik e un grupo de bérberes chamados pola familia de Witiza, invaden a península Ibérica derrotando a D. Rodrigo na batalla de Guadalete(711) e invaden o territorio ata Toledo e o Val do Ebro. Isto sucede en apenas catro anos. A zona que queda máis apartada das conquistas é a Cordilleira Cantábrica. A rapidez da conquista foi debida a:

- División interna dos visigodos.
- As clases altas esperaban obter privilexios.
- As clases baixas, pola dureza do sistema social, ven ós musulmáns como liberadores.
- A relixión era respectada a cambio de tributos.

Emirato dependente de Damasco (711-756). Os gobernador de Al-Ándalus depende do califa de Damasco da dinastía omeia. Os omeias será a única dinastía con poder na Península.

Emirato Omeia independente de Bagdad (756-929). Abderramám I, ao haber un cambio de dinastía no Imperio islámico oriental viuse obrigado a fuxir da persecución dos abasias e atopa refuxio e protección en Al-Ándalus e unicamente reconece ó Califa de Bagdad como xefe espiritual, non político.

Nesta época queda establecida unha franxa de terreo chamada “terra de ninguén” que vai dende a chaira de Lleida ata a desembocadura do Douro e servía como fronteira natural que separaba a zona cristiá da musulmá. Favorece a consolidación das áreas cristiá e musulmá. Algunhas provincias fronteirizas son Zaragoza, Toledo e Mérida.

Califato de Córdoba (929-1031). E a época de maior esplendor cultural de Al-Ándalus. O califa estrela desta época e Abderramán III. Con Almanzor agrávanse as loitas internas e ata chega a instituír a súa propia dinastía. A desintegración do Califato é debida a varias causas, algunhas delas son:

- Mestura de razas e interese (iso xa ocorría desde o momento da conquista)
- Particularismos locais.
- Elevación do nivel de vida e relaxación dos costumes e moral relixiosa.

Primeiros reinos de taifas(1031-1090). Ó desintegrarse o Califato, Al-Ándalus queda dividido en pequenas unidades políticas chamadas **taifas**. Os cristiáns aproveitaron esta división interna para avanzar na Reconquista.

Almorábides (1090-1145). Eran nómades do Sáhara, guerreiros duros na súa forma de vida e na observación do Corán, pero menos cós almohades. Conquistan todo Al-Ándalus e chegan cerca de Toledo e de Valencia. Rematan cós reinos de taifas.

Segundos Reinos de Taifas (1145-1170). A poboación, que nun principio viu con bos ollos a chegada dos almorábides, que trasladaran a capital a Marrocos, desilusiónase e volta as divisións que dan lugar ós segundos Reinos de Taifas.

Almohades(1170-1220). Moi intolerantes. Realizan unha observancia estrita das ensinanzas islámicas. Tamén son estritos no terreo artístico e usan o ladrillo como elemento de construción habitual (a Xiralda e a Torre do ouro). Trasladan a capital á Sevilla. Expulsan ós xudeus e os que se quedan deben levar distintivo. Son derrotados na batalla das Navas de Tolosa, o que supón o principio do fin da dominación musulmá na Península.

Terceiros Reinos de Taifas (1220-1492). Rematada a invasión almohade ten lugar a aparición dos terceiros e últimos reinos de Taifas, quedando como referente musulmán o reino Nazarí de Granada (de Alxeciras ata Almería).

Conquista de Granada. Sucede no ano 1492 e unifícase o territorio peninsular baixo a Coroa dos Reis Católicos (Isabel de Castela e Fernando de Aragón). Fin da Reconquista que se iniciara no 722 en Covadonga, no reino ástur.

AL-ÁNDALUS (711-1492)

VIII	IX	X	XI	XII	XIII	XIV	XV
------	----	---	----	-----	------	-----	----
